

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

- 884** *Real decreto 2033/2009, do 30 de decembro, polo que se determinan os postos tipo adscritos ao corpo de secretarios xudiciais para efectos do complemento xeral de posto, a asignación inicial do complemento específico e as retribucións por substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función.*

A Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, introduciu no libro V a regulación da nova oficina xudicial e os aspectos estatutarios, funcionais e orgánicos máis relevantes do corpo de secretarios xudiciais. Neste contexto organizativo, a figura do secretario xudicial adquire particular relevancia, e por iso a mencionada Lei 19/2003 lle dedica unha regulación á parte do resto dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, definindo con precisión as súas funcións dentro da nova estrutura da oficina xudicial, atribuíndolle novas funcións procesuais, potenciando as súas capacidades profesionais e asignándolle responsabilidades de coordinación coas administracións públicas competentes en materia de xustiza.

É necesario destacar que o Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais, introduciu modificacións no réxime retributivo, en aplicación da disposición derradeira terceira da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, que dispón que o Goberno debía regular o novo réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais adecuado aos principios e conceptos retributivos recollidos na devandita lei e nos seus anexos.

No entanto, a aprobación da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, tal e como dispón o artigo 447, restrinxiu a adecuación dos conceptos retributivos dos secretarios xudiciais aos das retribucións básicas das carreiras xudicial e fiscal, redefinindo a estrutura das retribucións complementarias deste corpo, mediante a desaparición do complemento de destino, a introdución do complemento xeral do posto e o establecemento dun novo complemento específico adaptado á nova ordenación de postos na nova oficina xudicial.

Por iso, conforme o artigo 448.3 e a disposición transitoria quinta da citada lei orgánica, o desenvolvemento da nova oficina xudicial exige agora a reforma do réxime retributivo dos secretarios xudiciais, dentro dun marco normativo conxunto impulsado pola Lei orgánica 19/2003, que obriga a establecer un catálogo de postos tipo que será o punto de partida das relacións de postos de traballo, ao establecemento dun complemento xeral do posto, que se fixará pola Lei xeral de orzamentos, e á determinación da asignación inicial do complemento específico que tamén se deben recoller neste real decreto, e que substituirán os correspondentes conceptos retributivos desenvolvidos polo Real decreto 1130/2003.

Finalmente, é necesario destacar que este real decreto tamén aborda a regulación de cuestións que non afectan directamente o novo deseño de oficina xudicial. Así sucede coas retribucións que procedan por substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función, que conforme o previsto na Lei orgánica do poder xudicial deben ser obxecto de regulación nesta norma.

Este real decreto foi sometido a informe do Consello Xeral do Poder Xudicial e das comunidades autónomas afectadas.

Na súa virtude, por proposta conxunta do ministro de Xustiza e da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 30 de decembro de 2009,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto e ámbito de aplicación.*

O obxecto deste real decreto é establecer os postos tipo das distintas unidades que integran as oficinas xudiciais e outros servizos non xurisdicionais adscritos aos funcionarios do corpo de secretarios xudiciais para os efectos do complemento xeral de posto, así como a asignación inicial dos complementos específicos que correspondan e as retribucións que procedan por substitucións que impliquen o desempeño conxunto doutra función.

Artigo 2. *Clasificación de postos tipo para os efectos do complemento xeral de posto.*

Para os efectos do complemento xeral de posto, os postos de traballo que integran as oficinas xudiciais e os servizos non xurisdicionais clasificaranse nos seguintes tipos, tendo en conta os grupos de poboación recollidos no anexo I deste real decreto:

Tipo I. Postos adscritos a unidades de oficinas xudiciais situadas en localidades do grupo 1 de poboación.

Tipo II. Postos adscritos a unidades de oficinas xudiciais situadas en localidades do grupo 2 de poboación.

Tipo III. Postos adscritos a unidades de oficinas xudiciais situadas en localidades do grupo 3 de poboación.

Tipo IV. Postos adscritos a unidades de oficinas xudiciais dos grupos primeiro e segundo do artigo 78 do Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais, aprobado polo Real decreto 1608/2005, non incluídos nos grupos de poboación anteriores.

Tipo V. Postos adscritos a unidades de oficinas xudiciais do grupo terceiro do artigo 78 do Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais, aprobado polo Real decreto 1608/2005.

Artigo 3. *Escala de valoración do complemento xeral de posto.*

A escala de valoración do complemento xeral de posto inclúese no anexo II deste real decreto. Na Lei de orzamentos xerais do Estado incluírase a cuantificación do complemento xeral de posto que se actualizará en cada exercicio de forma análoga ao resto de retribucións de funcionarios.

Artigo 4. *Complementos específicos.*

1. A asignación inicial de complementos específicos fíxase no anexo III deste real decreto, que se refire a importes anuais, aboados en 12 pagas mensuais.

2. Así mesmo, a clasificación dos distintos niveis retributivos dos postos de secretario de Goberno, secretario coordinador provincial e secretarios xudiciais directores de servizos comúns é a establecida no anexo IV deste real decreto.

3. No anexo V deste real decreto fíxanse as cantidades que, xunto coas previstas no punto 1 deste artigo, integran o complemento específico, igualmente referido a importes anuais, aboados en 12 pagas mensuais, que corresponderá a postos de secretario xudicial adscritos ás unidades procesuais de apoio directo, servizos comúns procesuais e outros servizos non xurisdicionais que teñan asociadas unha especial perigosidade, insularidade, localización fóra da península Ibérica ou especial illamento.

Artigo 5. *Retribucións por substitucións que implican o desempeño conxunto doutra función.*

1. En concepto de substitución que implique desempeño conxunto das funcións, ademais das que sexa titular, percibirá 287,17 euros mensuais o secretario xudicial que a realice.

2. As substitucións que non superen dez (10) días continuados e as motivadas por vacación retribuída, sexa ou non época de verán, non darán dereito á percepción de retribucións polo concepto a que se refire este punto.

3. As retribucións previstas neste artigo percibiranse logo da certificación do órgano superior competente.

Disposición adicional primeira. *Actualización de retribucións.*

1. Todas as contías fixadas neste real decreto se actualizarán de acordo cos incrementos anuais que proceda aplicar ás retribucións dos secretarios xudiciais de acordo co establecido para o conxunto do sector público estatal nas leis de orzamentos xerais do Estado.

2. Os grupos de poboación previstos no anexo I poderán ser actualizados polo Goberno coas cifras de poboación resultantes da revisión do padrón municipal declarado oficial polo Goberno.

Disposición adicional segunda. *Secretarios xudiciais destinados no Ministerio de Xustiza.*

Os secretarios xudiciais destinados no Ministerio de Xustiza, de acordo co previsto no artigo 25 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, percibirán, en concepto de complemento xeral do posto, as retribucións correspondentes ao tipo I do artigo 2 deste real decreto e, en concepto de complemento específico, as retribucións que figuran no anexo III. As retribucións básicas fixaranse de acordo coa súa categoría persoal e poderán, así mesmo, percibir retribucións variables e gratificacións na contía e condicións que estableza o director xeral de Modernización da Administración de xustiza, cos mesmos requisitos e limitacións que as establecidas nos artigos 7 e 9 do Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro.

Disposición adicional terceira. *Equiparación dos postos tipo nas comunidades autónomas con competencias asumidas.*

A denominación dos postos tipo para os efectos de complemento específico, que se realiza no anexo III deste decreto, será asimilable á que asignen as comunidades autónomas con competencias asumidas aos postos tipo do corpo de secretarios xudiciais nas súas correspondentes relacións de postos de traballo.

Para tal fin o Ministerio de Xustiza, no momento da aprobación definitiva das relacións de postos de traballo que elaboren as comunidades autónomas con competencias asumidas, atendendo ao contido funcional de cada posto, determinará a equiparación, para os efectos de complemento específico, de cada un dos postos asignados ao corpo de secretarios xudiciais co correlativo fixado neste real decreto.

Disposición transitoria primeira. *Proceso de asignación.*

Mentres non se produzan os procesos de asignación e nomeamento dos secretarios xudiciais, para desempeñar postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo aprobadas conforme o novo modelo de oficina xudicial previsto na Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, de modificación da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, continuarán vixentes as retribucións complementarias previstas no Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais.

Disposición transitoria segunda. *Secretarios de Goberno, secretarios coordinadores provinciais e secretarios xudiciais destinados no Ministerio de Xustiza.*

Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria primeira deste real decreto, os postos de secretario de Goberno, secretario coordinador provincial e secretarios xudiciais destinados no Ministerio de Xustiza de acordo co previsto no artigo 25 da Lei 38/1988, do 28 de decembro, de demarcación e de planta xudicial, retribuiranse conforme o previsto neste real decreto no momento da súa entrada en vigor.

Disposición transitoria terceira. *Mantemento das retribucións complementarias.*

Se a confirmación ou a adscrición con carácter non voluntario, consecuencia do proceso de asignación previsto na disposición transitoria cuarta da Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, do poder xudicial, determinar unha diminución das retribucións complementarias fixas, os funcionarios do corpo de secretarios xudiciais continuarán percibindo estas conforme o Real decreto 1130/2003, mentres non se produza un cambio voluntario a un posto de traballo en que o importe das retribucións complementarias fixas asignadas por este real decreto sexa superior.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas as disposicións que regulen retribucións complementarias fixas do Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, polo que se regula o réxime retributivo do corpo de secretarios xudiciais, e as súas modificacións, así como todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ou contradigan o previsto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase en uso do mandato conferido ao Goberno ao abeiro do artigo 149.1.5.^a da Constitución española, que recolle a competencia exclusiva estatal en materia de Administración de xustiza.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo.*

Mediante orde ministerial, por proposta conxunta dos ministros de Xustiza e Economía e Facenda, regularase a documentación xustificativa necesaria, de ser o caso, para a acreditación en nómina dos conceptos retributivos previstos neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 30 de decembro de 2009.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXOS

Anexo I

Grupos de poboación para os efectos do complemento xeral de posto

Grupo 1:

Madrid.
Barcelona.

Grupo 2:

Valencia.
Sevilla.
Zaragoza.
Málaga.
Murcia.
Palmas de Gran Canaria (Las).
Palma de Mallorca.
Santa Cruz de Tenerife.
Bilbao.

Grupo 3:

Valladolid.
Córdoba.
Vigo.
Alicante/Alacant.
Gijón.
Hospitalet de Llobregat(L').
Granada.
Coruña (A).
Vitoria-Gasteiz.
Badalona.
Oviedo.
Móstoles.
Elche/Elx.
Sabadell.
Santander.
Jerez de la Frontera.
Pamplona/Iruña.
Donostia-San Sebastián.
Cartagena.
Leganés.
Fuenlabrada.
Almería.
Terrassa.
Alcalá de Henares.
Burgos.
Salamanca.
Albacete.
Getafe.
Cádiz.
Alcorcón.
Huelva.
Logroño.
Cáceres.

Pontevedra.
Santiago de Compostela.
Castellón de la Plana/Castelló de la Plana.
Badajoz.
San Cristóbal de la Laguna.
León.

Grupo 4: Postos adscritos a unidades de oficinas xudiciais dos grupos I e II do artigo 78 do Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais, aprobado polo Real decreto 1608/2005, non incluídos nos grupos de poboación anteriores.

Grupo 5: Postos adscritos a unidades de oficinas xudiciais do grupo III do artigo 78 do Regulamento orgánico do corpo de secretarios xudiciais, aprobado polo Real decreto 1608/2005.

Anexo II

Escala de valoración do complemento xeral de posto

Tipo	Escala (unidades)
I	1,7086
II	1,4594
III	1,3934
IV	1,3829
V	1,0000

Anexo III

Asignación inicial dos complementos específicos

Contías anuais

Postos de traballo	Niveis	Asignación inicial do complemento específico (€)
Secretario de Goberno.	I	22.320,00
	II	20.832,00
	III	19.344,00
	IV	16.368,00
	V	15.252,00
Secretario coordinador provincial.	I	18.600,00
	II	15.252,00
	III	14.136,00
	IV	11.904,00
	V	10.416,00
Secretario xudicial director do Servizo Común de Ordenación do Procedemento / Servizo Común de Execución.	I	11.904,00
	II	11.160,00
	III	10.416,00
	IV	9.672,00
	V	9.300,00
Secretario xudicial director do Servizo Común Xeral.	I	11.160,00
	II	10.416,00
	III	9.672,00
	IV	9.300,00
	V	8.556,00

Postos de traballo	Niveis	Asignación inicial do complemento específico (€)
Secretario xudicial director do Servizo Común Procesual Único.	I	8.556,00
	II	7.812,00
	III	7.068,00
Secretario xudicial da unidade procesual de apoio directo con funcións compartidas no Servizo Común de Ordenación Procedemento.		9.048,00
Secretario xudicial da unidade procesual de apoio directo con funcións compartidas no Servizo Común de Execución.		9.048,00
Secretario xudicial da unidade procesual de apoio directo con funcións compartidas no Servizo Común Xeral.		8.676,00
Secretario xudicial xefe de sección do Servizo Común de Ordenación do Procedemento.		8.928,00
Secretario xudicial xefe de sección do Servizo Común de Execución.		8.928,00
Secretario xudicial xefe de sección do Servizo Común Xeral.		8.556,00
Secretario xudicial xefe do equipo do Servizo Común de Ordenación do Procedemento.		8.184,00
Secretario xudicial xefe de equipo do Servizo Común de Execución.		8.184,00
Secretario xudicial xefe de equipo do Servizo Común Xeral.		7.812,00
Secretario xudicial do Servizo Común Procesual (sen xefatura).		7.512,00
Secretario xudicial do Servizo Común Procesual Único (sen xefatura).		5.580,00
Secretario xudicial da unidade procesual de apoio directo de órganos colexiados.		5.284,68
Secretario xudicial da unidade procesual de apoio directo de órganos unipersoais e destinados en partidos xudiciais cun único xulgado de primeira instancia e instrución.		5.104,68

Servizos non xurisdicionais

Postos de traballo	Niveis	Asignación inicial do complemento específico (€)
Secretario xudicial xefe do Servizo de Cualificación e Inscripción do Rexistro Civil Central.		8.556,00
Secretario xudicial xefe do Servizo de Certificacións do Rexistro Civil Central.		8.556,00
Secretario xudicial do Rexistro Civil Exclusivo.		7.812,00
Secretario xudicial destinado no Ministerio de Xustiza.		7.831,68

Anexo IV

Clasificación dos postos de traballo

1. Secretarios de Goberno.

Niveis	Número de secretarios xudiciais dependentes do secretario de Goberno
I	Tribunal Supremo, Audiencia Nacional e tribunais superiores de xustiza de 400 ou máis secretarios xudiciais dependentes.
II	Tribunais superiores de xustiza de entre 200 e 399 secretarios xudiciais dependentes.
III	Tribunais superiores de xustiza de entre 100 e 199 secretarios xudiciais dependentes.

Niveis	Número de secretarios xudiciais dependentes do secretario de Goberno
IV	Tribunais superiores de xustiza de entre 50 e 99 secretarios xudiciais dependentes.
V	Ata 49 secretarios xudiciais dependentes.

2. Secretarios coordinadores.

Niveis	Número de secretarios xudiciais dependentes do secretario coordinador provincial
I	De 200 ou máis secretarios xudiciais dependentes.
II	De entre 90 e 199 secretarios xudiciais dependentes.
III	De entre 50 e 89 secretarios xudiciais dependentes.
IV	De entre 25 e 49 secretarios xudiciais dependentes.
V	Ata 24 secretarios xudiciais dependentes.

3. Secretarios directores de Servizo Común Xeral, Servizo Común de Ordenación do Procedemento e Servizo Común de Execución.

Niveis	Número de unidades procesuais de apoio directo atendidas polo Servizo Común Procesual
I	40 ou máis
II	De 30 a 39
III	De 20 a 29
IV	De 10 a 19
V	9

4. Secretarios directores de Servizo Común Procesual Único.

Niveis	Número de unidades procesuais de apoio directo atendidas polo Servizo Común Procesual
I	De 6 a 8
II	De 4 a 5
III	De 2 a 3

Anexo V*Complemento específico: Artigo 4.3. Contías anuais*

Postos de traballo (localización xeográfica)	Contías anuais en euros
País Vasco e Navarra	4.983,84
Gran Canaria e Tenerife	5.354,52
Outras illas do arquipélago canario	6.693,00
Mallorca	1.103,16
Outras illas do arquipélago balear	1.221,36
Val de Arán	1.004,88
Ceuta e Melilla	10.577,76